

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR LINGUA E LITERATURA CASTELÁ NA ESO

1º DE ESO:

1. Recoñecemento do contido de textos orais e escritos de uso habitual para o alumno diferenciando a idea principal das secundarias, e a identificación da intención do autor.
2. Planificación e produción oral e escrita de textos sinxelos narrativos, descritivos e dialogados, aténdose á coherencia na expresión das ideas e con respecto ás normas da lingua, especialmente á ortografía da palabra e acentuación, e á ortografía da frase (puntuación).
3. Realización de resumos, suliñados e esquemas da organización das ideas de textos axeitados ao seu nivel.
4. Lectura en voz alta coa entoación e velocidade axeitadas de textos literarios e non literarios, narrativos, descritivos e dialogados.
5. Identificación das diversas clases de palabras.
6. Recoñecemento dos tipos de sintagmas e dos constituíntes da oracional simple e as súas funcións sintácticas básicas (suxeito e predicado e os seus núcleos).
7. Recoñecemento das relacións de significado entre as palabras.
8. Identificación dos xéneros literarios en textos axeitados ao seu nivel, detectando algúns dos recursos básicos: comparacións, metáforas, personificacións,...
9. Realización das tarefas que se leven a cabo en clase e as encomendadas para casa, individuais ou en grupo.
10. Realización das lecturas de obras programadas para o curso e presentación dos traballos que se soliciten.
11. Cumplimentación axeitada do caderno de traballo, que deberá estar ao día e a disposición da profesora.

2º DE ESO:

- 1.Recoñecemento das funcións da linguaxe e a modalidade oracional a que corresponden.
- 2.Clasificación de textos segundo a súa forma.
- 3.Análise dun texto literario indicando o ser xénero.
- 4.Análise dun sintagma, indicando o seu tipo.
- 5.Escritura dun texto colocando correctamente os signos de puntuación.
- 6.Indicación da estrutura que presenta un texto e realización dun esquema sobre o seu contido.
- 7.Resumo en poucas liñas do contido dun texto.
- 8.Localización dos complementos do sintagma nominal Suxeito e do sintagma

verbal Predicado.

9. Uso correcto dos fonemas b/v, g/j e h.

10. Realización das tarefas que se leven a cabo en clase e as encomendadas para casa, individuais ou en grupo.

11. Realización das lecturas de obras programadas para o curso .

3º DE ESO (INCLUIDA DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR):

1. Distinción dos tipos de textos.

2. Identificación dos principais xéneros e subxéneros literarios.

3. Identificación e análise dos distintos tipos de sintagmas.

4. Identificación dos pronomes, sustantivos e demais categorías gramaticais dun texto e oa súa análise.

5. Coñecemento do contexto sociocultural da Idade Media, Renacemento, Barroco e Neoclasicismo e as súas principais manifestacións literarias.

6. Distinción dos elementos nun texto narrativo.

7. Coñecemento da técnica do comentario de texto.

8. Recoñecemento e análise dos sintagmas nominal Suxeito e verbal Predicado, dominando a conxugación verbal e sabendo o que é unha perífrase verbal.

9. Emprego con corrección das regras ortográficas de b/v, j/g, ll/y e h.

10. Clasificación de oracións segundo a súa modalidade.

11. Emprego correcto dos signos de puntuación.

12. Realización das tarefas que se leven a cabo en clase e as encomendadas para casa, individuais ou en grupo.

13. Realización das lecturas de obras programadas para o curso.

4º DE ESO:

1. Clasificación dunha serie de locucións e perífrases verbais.

2. Clasificación dos marcadores textuais nun texto.

3. Emprego correcto dos signos de puntuación.

4. Coñecemento do contexto sociocultural do século XIX e XX e as súas manifestacións literarias, analizando diferentes tipos de textos dos autores destes séculos.

5. Análise morfosintáctico e clasificación de oracións, tanto simples como compostas.

6. Comentario pautado de textos literarios.

7. Realización de tarefas que se leven a cabo en clase e as encomendadas para casa, individuais ou en grupo.

8. Realización das lecturas de obras programadas para o curso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 1º e 2º CICLO DE ESO:

PROBAS ESCRITAS

Realizaranse, polo menos, dúas probas escritas por trimestre e suporán o 70% da nota de avaliación en 1º, e 65% en 2º, 3º e 4º. Valoraránse tanto os contidos teóricos como a súa aplicación práctica, así como unha expresión axeitada e a corrección ortográfica. A este respecto, penalizaránse as faltas de ortografía podendo rebaixar ata 1,5 puntos na nota final no 1º ciclo, e 2 puntos no 2º ciclo.

Quen non se presente as probas no calendario correspondente terá dereito a facelas noutra data coa axeitada xustificación.

En todas as probas informarase ao alumnado sobre a puntuación de cada cuestión.

Quen deixe as probas escritas practicamente en branco, copie ou fale durante as mesmas, terá automaticamente suspensas.

As probas e a avaliación consideraránse superadas si se obtén unha calificación de 5 ou superior.

TRABALLO EN CLASE/CASA

O traballo feito na casa e en clase computará o 30% da nota:

-O traballo desenvolvido na libreta será revisado periodicamente en 1º de ESO.

-Os traballos ou controis de lectura teñen carácter obrigatorio. É indispensable a presentación dos mesmos en 1º ou o aprobado do seu control en 2º, 3º e 4º para aprobar a materia.

Neste apartado valorarase a actitude do alumnado con respecto á materia en 1º de ESO.

ACTITUDE

A actitude do alumnado nos cursos 2º, 3º e 4º suporá o 5% da nota de avaliación.

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

CPI Conde de Fenosa